



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

1º Cuadrimestre 2021

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS	Nº	35.382
	Var. 21/20	-48,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	91.840
	Var. 21/20	-41,4%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,60
	Var. 21/20	13,6%
OCUPACIÓN (%)	%	22,42%
	Var. 21/20	-15,34
ADR (€)	€	51,0 €
	Var. 21/20	-
RevPAR (€)	€	13,6 €
	Var. 21/20	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	32.617
	Var. 21/20	-42,4%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	2.765
	Var. 21/20	-76,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	82.124
	Var. 21/20	-33,2%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	9.716
	Var. 21/20	-71,4%

1º CUADRIMESTRE 2021


- Nos catro primeiros meses deste ano 2021 A Coruña rexistra algo máis de 35 mil viaxeiros aloxados e preto de 92 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade. Estas cifras corresponden a un período convulso con cifras baixas en xaneiro e febreiro –momento no que Galicia está inmersa na terceira onda da pandemia- e algo máis elevadas en marzo e abril – período de desescalada-.
- A comparativa interanual sitúa estas cifras por debaixo do rexistrado no primeiro cuadrimestre do pasado ano –en concreto a cifra de viaxeiros aloxados cae un 48% e o volume de noites un 41%- e, por tanto, son inferiores tamén ás rexistradas en 2019 –antes da pandemia-. Neste sentido A Coruña consegue neste ano recuperar algo menos do 40% da demanda que tiña nos primeiros catro meses de 2019.

- A Coruña é neste primeiro cuadrimestre o segundo destino urbano de Galicia con maior volume de demanda hoteleira, por detrás de Vigo.
- No curto prazo a evolución interanual da demanda difire en intensidade. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro, algo menos acusada en marzo –un 14%- para situarse en niveis positivos en abril –se ben tal circunstancia carece de interese por canto en abril do pasado ano os niveis de demanda e oferta eran cero-. De feito no conxunto do segundo bimestre apréciase un incremento do 80% respecto do observado en 2020.
- O 89% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 11% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento diferente dos dous grandes segmentos de mercado, non tanto no resultado global –ambos presentan caídas en relación ao pasado ano- como na intensidade e motivacións. O turismo nacional descende nun 33% como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros españois do 42%. Aínda que non temos datos precisos dos mercados nacionais si podemos asegurar que boa parte da demanda nacional é de carácter interna – corresponde aos residentes en Galicia-, segmento que ten un mellor comportamento en termos relativos.
- O turismo internacional en cambio continúa coa súa tendencia negativa de alta intensidade, e mantén as caídas dos últimos meses tanto no que se refire á cifra de viaxeiros –descende nun 77%- como no relativo ao volume de noites –que cae neste caso nun 71%-.
- En termos comparativos, por tanto, o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 78% do total das noites hoteleiras no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 89% actual –a porcentaxe máis alta dos últimos dezaseis anos-.
- Neste período de catro meses rexístrase unha mellora notable da estadía media –sobe un 13,6%- que sitúa o nivel final en 2,6 noites –cifra que supón un máximo da serie histórica-. É o segundo ano consecutivo –e terceiro nos últimos catro- no que sobe a estadía media en A Coruña neste primeiro cuadrimestre, pasando de 1,7 noites en 2017 a 2,6 noites agora en 2021.
- A estadía media en A Coruña sitúase dúas décimas por encima da media dos destinos urbanos e medio punto por encima da media da comunidade.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible, de menor intensidade. O volume medio de prazas ofertadas neste período cae nun 26% en relación ao pasado ano, con 3.400 prazas de media mensual.
- En calquera caso, o peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 37,8% no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 22,4% actual-. A perda supera os quince puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia, e tamén da media do conxunto da comunidade.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 51,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada, cifra que supera a media da comunidade. O nivel de rendibilidade fica, en cambio, en 13,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. 1º Cuadrimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de A Coruña, por mercados. 1º Cuadrimestre 2014-21



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS	Nº	5.062
	Var. 21/20	-49,8%
PERNOCTACIÓN	Nº	24.700
	Var. 21/20	14,3%
ESTADIA MEDIA	Nº	4,88
	Var. 21/20	127,5%
OCUPACIÓN (%)	%	32,24%
	Var. 21/20	6,22

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	4.380
	Var. 21/20	-48,0%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	679
	Var. 21/20	-58,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	18.340
	Var. 21/20	12,9%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	6.360
	Var. 21/20	18,6%


1º CUADRIMESTRE 2021

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 a cidade de Ferrol presenta un comportamento positivo por canto supera nun 14% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Tal circunstancia vén como consecuencia dun forte incremento da estadia media –que supera en máis do dobre o nivel de 2020- nun contexto no que descende a cifra de viaxeiros aloxados, nun 50% neste caso.
- Ferrol marca unha notable diferenza de comportamento respecto dos restantes destinos urbanos de Galicia –é a única cidade que amosa dinámica positiva- se ben tal excepcionalidade vén do lado da estadia media. En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella á das restantes cidades.
- Con preto de 25 mil noites Ferrol rexistra a segunda cifra máis baixa dos destinos urbanos da comunidade, só por diante de Pontevedra.
- No curto prazo o comportamento da demanda é dispar. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro –un 65% e 39% respectivamente- para volver a cifras positivas en marzo e abril. No


conxunto do segundo bimestre do ano Ferrol triplica as cifras do pasado ano e mesmo consegue superar os niveis previos á crise –as cifras do mesmo período de 2019 neste caso-. Tal circunstancia é inédita en Galicia pois todos os destinos fican lonxe das cifras anteriores á pandemia.

- O 74% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 26% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, por canto ambos conseguen situarse por encima das cifras do primeiro cuadrimestre de 2020. O turismo de ámbito nacional sobe nun 13% mentres que o internacional increméntase nun 19%, porcentaxes referidas ás pernoctacións. En termos de viaxeiros aloxados o comportamento é moi diferente pois Ferrol rexistra caídas tanto no segmento nacional coma no internacional.
- Rexístrase, por tanto, unha notable mellora da estadía media en ambos segmentos de mercado.
- A dinámica de ambos segmentos de mercado mantén case invariable a estrutura da demanda na cidade de Ferrol neste período de catro meses. O turismo de ámbito nacional perde un punto de cuota de mercado, mantendo a súa posición de liderazgo –pasa do 75% no pasado ano ao 74% actual-.
- A estadía media increméntase de forma notable neste período de catro meses, superando en máis do dobre a cifra do pasado ano e marcando, en consecuencia, un máximo da serie histórica da cidade con 4,9 noites. Ferrol presenta neste período a estadía máis elevada, e con diferenza, dos destinos urbanos de Galicia.
- Sobe o nivel de demanda nun contexto onde se produce unha caída da oferta dispoñible. O volume medio de prazas ofertadas neste período descende nun 30% en relación ao pasado ano, con algo máis de 600 prazas de media mensual.
- Ambas dinámicas –caída da oferta dispoñible e incremento do número de noites- teñen un efecto positivo no nivel de ocupación, que sobe e mellora neste cuadrimestre en algo máis de seis puntos porcentuais en relación ao pasado ano, acadando un 32,2% de media para os catro meses –a porcentaxe máis elevada de cando menos os últimos sete anos na cidade-.
- Ferrol rexistra neste primeiro cuadrimestre o nivel de ocupación máis elevado dos destinos urbanos de Galicia.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. 1º Cuadrimestre 2015-21



Noites hoteleiras no concello de Ferrol, por mercados. 1º Cuadrimestre 2015-21



CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS	Nº	15.920
	Var. 21/20	-41,3%
PERNOCTACIÓNS	Nº	26.797
	Var. 21/20	-41,5%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,68
	Var. 21/20	-0,4%
OCUPACIÓN (%)	%	17,56%
	Var. 21/20	-17,60
ADR (€)	€	38,3 €
	Var. 21/20	-
RevPAR (€)	€	10,1 €
	Var. 21/20	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	15.076
	Var. 21/20	-40,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	844
	Var. 21/20	-55,3%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	25.418
	Var. 21/20	-40,8%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	1.379
	Var. 21/20	-52,6%

1º CUADRIMESTRE 2021


- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 Lugo rexista preto de 16 mil viaxeiros aloxados e case 27 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade. Estas cifras corresponden a un período convulso con cifras baixas en xaneiro e febreiro e algo máis elevadas en marzo e abril – período de desescalada na comunidade-.
- A comparativa interanual sitúa estas cifras por debaixo do rexistrado no primeiro cuadrimestre do pasado ano –en concreto tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites caen un 41%- . Significa isto que no acumulado a abril deste ano conseguimos reter o 60% da demanda que tiñamos o ano pasado, porcentaxe que cae a pouco máis do 30% se o comparamos co período previo á crise, isto é, co primeiro cuadrimestre de 2019.

- Lugo absorbe neste período preto do 8% do total da demanda dos destinos urbanos de Galicia, igualando os niveis de Ourense e superando levemente as cifras de Ferrol e Pontevedra.
- No curto prazo a evolución interanual da demanda difire en intensidade. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro –en torno ao 70% interanual-, algo menos acusada en marzo –un 38%- para situarse en niveis positivos en abril –se ben tal circunstancia carece de interese por canto en abril do pasado ano os niveis de demanda e oferta eran cero-. De feito no conxunto do segundo bimestre apréciase un incremento do 34% respecto do observado en 2020.
- O 95% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que tan só o 5% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas de similar intensidade. O turismo nacional descende un 41% mentres que o internacional cae un 53%, ambas porcentaxes referidas ás pernoctacións. Isto deixa o nivel de recuperación lonxe dos volumes que se acadaban antes da crise. En concreto, o mercado nacional sitúase preto do 40% dos volumes de 2019 mentres que o internacional apenas recupera o 12%.
- A dinámica de ambos segmentos de mercado mantén case invariable a estrutura da demanda na cidade de Lugo neste período de catro meses. O turismo de ámbito nacional gaña apenas un punto de cuota de mercado, reforzando a súa posición de liderazgo en Lugo –pasa do 94% no pasado ano ao 95% actual-.
- A estadía media mantense invariable neste período de catro meses, con case 1,7 noites nos establecementos hoteleiros da cidade.
- Lugo presenta neste período unha das estadías máis baixas dos destinos urbanos de Galicia. Con 1,7 noites fica lonxe de valores que superan as dúas noites en boa parte das cidades, e mesmo da media dos destinos urbanos –que se sitúa en 2,4 noites-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible, de menor intensidade. O volume medio de prazas ofertadas neste período cae nun 12% en relación ao pasado ano, con 1.300 prazas de media mensual.
- En calquera caso, o peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 35,2% no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 17,6% actual-. A perda achégase aos 18 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 38,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada, cifra que se sitúa por debaixo da media da comunidade. O nivel de rendibilidade fica, en cambio, en 10,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. 1º Cuadrimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Lugo, por mercados. 1º Cuadrimestre 2014-21



CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS	Nº	17.187
	Var. 21/20	-32,2%
PERNOCTACIÓN	Nº	26.961
	Var. 21/20	-36,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,57
	Var. 21/20	-6,7%
OCUPACIÓN (%)	%	18,63%
	Var. 21/20	-20,09
ADR (€)	€	55,3 €
	Var. 21/20	-
RevPAR (€)	€	13,8 €
	Var. 21/20	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	15.341
	Var. 21/20	-30,8%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.846
	Var. 21/20	-41,8%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	24.611
	Var. 21/20	-33,3%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.350
	Var. 21/20	-58,6%

1º CUADRIMESTRE 2021


- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 Ourense rexistra algo máis de 17 mil viaxeiros aloxados e case 27 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade. Estas cifras corresponden a un período convulso con cifras baixas en xaneiro e febreiro e algo máis elevadas en marzo e abril –período de desescalada na comunidade-.
- A comparativa interanual sitúa estas cifras por debaixo do rexistrado no primeiro cuadrimestre do pasado ano –en concreto a cifra de viaxeiros aloxados cae un 32% e o volume de noites un 37%-. Significa isto que no acumulado a abril deste ano Ourense conseguiu reter máis do 60% da demanda que tiñamos o ano pasado, porcentaxe que cae ao 40% se o comparamos co período previo á crise, isto é, co primeiro cuadrimestre de 2019.

- Ourense absorbe neste período preto do 8% do total da demanda dos destinos urbanos de Galicia, igualando os niveis de Lugo e superando levemente as cifras de Ferrol e Pontevedra.
- No curto prazo a evolución interanual da demanda difire en intensidade. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro –en torno ao 70% interanual-, recupera os niveis do pasado ano en marzo para situarse en cifras positivas en abril –se ben tal circunstancia carece de interese por canto en abril do pasado ano os niveis de demanda e oferta eran cero-. No conxunto do segundo bimestre apréciase un incremento do 87% respecto do observado en 2020.
- O 91% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas de diversa intensidade. O turismo nacional descende un 33% como consecuencia dunha caída parella do 31% na cifra de viaxeiros españois. Boa parte do mesmo corresponde seguramente ao mercado interno, de mellor comportamento na comunidade neste último ano.
- O turismo internacional fica tamén lonxe dos niveis do pasado ano –a cifra de viaxeiros estranxeiros cae nun 42% e o volume de noites nun 59%-, circunstancia que mantén a tendencia dos últimos meses.
- A maior capacidade de recuperación do mercado nacional fronte ao internacional leva a un pequeno cambio na estrutura da demanda hoteleira na cidade de Ourense. O turismo dos españois reforza a súa presenza gañando peso no conxunto da oferta hoteleira –en máis de catro puntos, pasando de case o 87% ao 91% actual-. Similar variación pero en sentido contrario acontece do mercado internacional.
- A estadía media hoteleira descende levemente neste período de catro meses, un 6,7% en particular, para situarse preto de 1,6 noites –a cifra máis baixa dos destinos urbanos de Galicia-.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se mantén estable a oferta dispoñible, isto é, o volume de prazas ofertadas mantense nos niveis do pasado ano, con 1.200 prazas de media mensual.
- O peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 38,7% no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 18,6% actual-. A perda sitúase nos 20 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na media dos destinos urbanos de Galicia.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 55,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada, cifra que se sitúa por encima da media da comunidade –entorno a 10 euros-. O nivel de rendibilidade fica, en cambio, en 13,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. 1º Cuadrimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Ourense, por mercados. 1º Cuadrimestre 2014-21



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS	Nº	7.787
	Var. 21/20	-42,9%
PERNOCTACIÓNS	Nº	16.807
	Var. 21/20	-32,9%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,16
	Var. 21/20	17,5%
OCUPACIÓN (%)	%	12,89%
	Var. 21/20	-10,10

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

1º Cuadr. 2021		
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	6.957
	Var. 21/20	-33,6%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	829
	Var. 21/20	-73,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	14.572
	Var. 21/20	-23,0%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	2.235
	Var. 21/20	-63,3%


1º CUADRIMESTRE 2021

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 a cidade de Pontevedra presenta un comportamento negativo por canto fica por debaixo dos niveis de demanda do pasado ano. En concreto a cifra de viaxeiros aloxados descende nun 43% e o volume de noites nun 33% en relación ao primeiro cuadrimestre de 2020.
- Con esta dinámica lonxe da recuperación Pontevedra fica aínda máis lonxe dos niveis previos á crise. En particular consegue reter apenas o 12% da demanda que tiña no primeiro cuadrimestre de 2019.
- Con preto de 17 mil noites Pontevedra rexistra neste período a cifra máis baixa dos destinos urbanos da comunidade.
- No curto prazo o comportamento da demanda difire en intensidade pero mantén a dinámica negativa dos últimos meses. O volume de noites descende de forma notable en xaneiro e febreiro –un 63% e 71% respectivamente- e con menor intensidade en marzo –nun 12%- para


logo mellorar en abril –como consecuencia máis ben da ausencia de dato o pasado ano por mor do confinamento domiciliario e o peche total da actividade turística-.

- O 87% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 13% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, por canto ambos sitúanse por debaixo dos niveis do pasado ano, se ben aprécianse diferenzas de intensidade. O turismo de ámbito nacional descende nun 23% mentres que o internacional cae nun 63%, porcentaxes referidas ás pernoctacións e que veñen como consecuencia de caídas de maior intensidade da cifra de viaxeiros aloxados.
- Rexístrase, por tanto, unha mellora da estadía media en ambos segmentos de mercado.
- O mellor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional leva a que neste ano cambie levemente a estrutura do mercado hoteleiro, reforzándose o peso do primeiro dentro da cidade. Gaña máis de dez puntos de cuota de mercado, pasando do 76% do total no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 87% actual.
- A estadía media increméntase de forma importante neste período de catro meses, superando nun 17,5% a cifra do pasado ano e marcando, con isto, a segunda cifra máis elevada dos últimos sete anos con preto de 2,2 noites. A estadía media en Pontevedra sitúase por debaixo da media dos destinos urbanos de Galicia.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible, pero de menor intensidade. O volume medio de prazas ofertadas neste período descende nun 10% en relación ao pasado ano, con preto de 1.100 prazas de media mensual. Pontevedra é unha das cidades de Galicia que mellor consegue recuperar o nivel de oferta do pasado ano, se ben fica aínda lonxe das cifras previas á crise –nun 17% neste caso-.
- O maior descenso da demanda respecto da oferta leva a que neste cuadrimestre os establecementos hoteleiros de Pontevedra rexistren un descenso do nivel de ocupación, de pouco máis de dez puntos porcentuais, para acadar un 12,9% de media –a segunda porcentaxe máis baixa dos destinos urbanos da comunidade-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. 1º Cuadrimestre 2015-21



Noites hoteleiras no concello de Pontevedra, por mercados. 1º Cuadrimestre 2015-21



CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Santiago

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS	Nº	25.018
	Var. 21/20	-69,4%
PERNOCTACIÓN	Nº	65.491
	Var. 21/20	-58,7%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,62
	Var. 21/20	35,1%
OCUPACIÓN (%)	%	11,76%
	Var. 21/20	-16,13
ADR (€)	€	48,0 €
	Var. 21/20	-
RevPAR (€)	€	5,7 €
	Var. 21/20	-

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	22.536
	Var. 21/20	-60,7%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	2.482
	Var. 21/20	-89,9%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	59.923
	Var. 21/20	-48,1%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	5.568
	Var. 21/20	-87,1%


1º CUADRIMESTRE 2021

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 Santiago rexistra 25 mil viaxeiros aloxados e máis de 65 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade. Estas cifras colocan a Compostela como o terceiro destino urbano máis importante de Galicia, por detrás de Vigo e A Coruña – circunstancia que se contrapón ao observado en períodos anteriores, cando Santiago lideraba sempre o mercado turístico hoteleiro da comunidade-.
- A comparativa interanual sitúa estas cifras por debaixo do rexistrado no primeiro cuadrimestre do pasado ano –en concreto a cifra de viaxeiros aloxados cae un 69% e o volume de noites un 59%-. Significa isto que no acumulado a abril deste ano Santiago conseguiu reter apenas o 40% da demanda que tiñamos o ano pasado, porcentaxe que cae ao 20% se o comparamos co período previo á crise, isto é, co primeiro cuadrimestre de 2019.


- Con isto Santiago rexistra a caída máis notoria da demanda hoteleira dentro de Galicia, ou o que é o mesmo, presenta menor capacidade de recuperación fronte aos restantes destinos urbanos da comunidade. Acontece isto tanto no que se refire á comparación cos datos do ano pasado coma en relación ao período previo á crise.
- Como consecuencia disto Santiago perde peso e cuota de mercado dentro do panorama turístico hoteleiro de Galicia. En termos comparativos é a cidade que sae peor parada da crise provocada pola pandemia, perdendo case nove puntos de peso dentro do turismo urbano da comunidade.
- Compostela absorbe neste período preto do 19% do total da demanda dos destinos urbanos de Galicia, situándose en terceira posición no ranking deste primeiro cuadrimestre.
- No curto prazo a evolución interanual da demanda difire en intensidade. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro –en torno ao 80% interanual, rexistrando o peor comportamento dos destinos urbanos de Galicia-, de forma máis moderada en marzo –nun 12%- para situarse en cifras positivas en abril –se ben tal circunstancia carece de interese por canto en abril do pasado ano os niveis de demanda e oferta eran cero-. No conxunto do segundo bimestre apréciase un incremento do 58% respecto do observado en 2020. Só Lugo presenta neste período de dous meses unha capacidade de recuperación inferior.
- O 91% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 9% restante é de orixe internacional, proporción case equivalente á rexistrada en Ourense.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas de diversa intensidade. O turismo nacional descende un 48% como consecuencia dunha caída do 61% na cifra de viaxeiros españois nun contexto de mellora da estadia media. Boa parte do mesmo corresponde seguramente ao mercado interno, de mellor comportamento na comunidade neste último ano.
- O turismo internacional fica tamén lonxe dos niveis do pasado ano –a cifra de viaxeiros estranxeiros cae nun 90% e o volume de noites nun 87%-, circunstancia que mantén a tendencia dos últimos meses. En liña co comportamento xeral, Santiago rexistra neste período de catro meses a caída máis notable dentro dos destinos urbanos, tanto do turismo nacional coma do internacional. Destaca este último pois soamente conseguiu neste ano recuperar o 13% do volume de noites do primeiro cuadrimestre do pasado ano.
- A maior capacidade de recuperación do mercado nacional fronte ao internacional –nun contexto negativo global- leva a un pequeno cambio na estrutura da demanda hoteleira na cidade de Santiago. O turismo dos españois reforza a súa presenza gañando peso no conxunto da oferta hoteleira –en 18 puntos, pasando do 73% ao 91% actual-. Similar variación pero en sentido contrario acontece do mercado internacional.
- A estadia media hoteleira increméntase notablemente neste período de catro meses, pois supera nun 35% a cifra do pasado ano, marcando un máximo da serie histórica con 2,6 noites. Despois de Ferrol, Santiago mantén neste inicio de ano o forte crecemento da estadia media iniciado coa crise alá na primavera do pasado ano.
- Descende o nivel de demanda nun contexto onde cae tamén a oferta dispoñible, isto é, o volume de prazas ofertadas descende en relación ao pasado ano –un 26% en particular-, con 4.600 prazas de media mensual.

- O peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 27,9% no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 11,8% actual-. A perda supera os 16 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano na máis baixa dos destinos urbanos de Galicia.
- A capacidade de recuperación fronte á situación previa á crise é moi lenta. No primeiro cuadrimestre de 2019 o nivel de ocupación hoteleira de Santiago situábase no 38,4%.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 48,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada, cifra que se sitúa levemente por encima da media da comunidade –apenas dous euros-. O nivel de rendibilidade cae de forma radical –como consecuencia dos malos datos de demanda e ocupación- e fica en 7,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago. 1º Cuadrimestre 2012-21



Noites hoteleiras no concello de Santiago, por mercados. 1º Cuadrimestre 2014-21



CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS	Nº	38.768
	Var. 21/20	-31,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	94.332
	Var. 21/20	-24,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,43
	Var. 21/20	10,3%
OCUPACIÓN (%)	%	21,23%
	Var. 21/20	-11,67
ADR (€)	€	51,5 €
	Var. 21/20	-
RevPAR (€)	€	14,5 €
	Var. 21/20	-


Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		1º Cuadr. 2021
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	33.765
	Var. 21/20	-24,4%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	5.003
	Var. 21/20	-59,1%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	78.781
	Var. 21/20	-22,3%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	15.551
	Var. 21/20	-35,1%

1º CUADRIMESTRE 2021

- Nos primeiros catro meses deste ano 2021 Vigo rexistra preto de 39 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 94 mil noites nos establecementos hoteleiros da cidade. Estas cifras corresponden a un período convulso con cifras menores en xaneiro e febreiro –do contorno das oito mil noites- e algo máis elevadas en marzo e abril –período de desescalada no que Vigo achégase ás 12 mil noites-.
- A comparativa interanual sitúa estas cifras por debaixo do rexistrado no primeiro cuadrimestre do pasado ano –en concreto a cifra de viaxeiros aloxados cae un 32% e o volume de noites un 25%- e, por tanto, son inferiores tamén ás rexistradas en 2019 –antes da pandemia-. Neste sentido Vigo consegue neste ano recuperar entorno ao 40% da demanda que tiña nos primeiros catro meses de 2019.

- Con estas cifras Vigo sitúase neste primeiro cuadrimestre como o destino urbano de Galicia con maior volume de demanda hoteleira, absorbendo o 27% do total das cidades da comunidade. En termos comparativos presenta tamén o mellor comportamento –despois de Ferrol- pois rexistra a caída máis baixa en relación ao pasado ano. A capacidade de recuperación respecto dos niveis de 2019 sitúase a niveis semellantes aos de A Coruña e Ourense, por exemplo.
- No curto prazo a evolución interanual da demanda difire en intensidade. Descende de forma notable en xaneiro e febreiro –en máis dun 60%-, para colocarse en cifras positivas en marzo – mellorando nun 12% as cifras do pasado ano- e en abril –se ben tal circunstancia carece de interese por canto en abril do pasado ano os niveis de demanda e oferta eran cero-. No conxunto do segundo bimestre Vigo supera en máis do dobre as cifra do mesmo período do pasado ano.
- O 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con caídas de similar intensidade –se ben inferiores ás rexistradas nos restantes destinos urbanos de Galicia-. O turismo nacional descende nun 22% como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros españois do 24%. Aínda que non temos datos precisos dos mercados nacionais si podemos asegurar que boa parte da demanda nacional é de carácter interna – corresponde aos residentes en Galicia-, segmento que ten un mellor comportamento en termos relativos.
- O turismo internacional descende tamén, nun 35% neste caso, como consecuencia dunha forte caída da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 59%- nun contexto de forte suba da estadía media.
- En termos comparativos, por tanto, o mercado nacional presenta mellor comportamento relativo de aí que mellore tamén a súa representatividade no conxunto da demanda da cidade. Pasa de representar o 81% do total das noites hoteleiras no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 84% actual –a porcentaxe máis alta da serie histórica-.
- Neste período de catro meses rexístrase unha mellora da estadía media –sobe un 10,3%- que sitúa o nivel final en 2,4 noites –cifra que supón un máximo da serie histórica-. A cifra de Vigo mantense na media dos destinos urbanos de Galicia.
- Descende o nivel de demanda nun contexto negativo onde se produce tamén unha caída da oferta dispoñible, de menor intensidade. O volume medio de prazas ofertadas neste período cae nun 12% en relación ao pasado ano, con 3.700 prazas de media mensual.
- En calquera caso, o peor comportamento da demanda respecto da oferta leva a un empeoramento do nivel de ocupación –pasa do 32,9% no primeiro cuadrimestre do pasado ano ao 21,2% actual-. A perda achégase aos 12 puntos porcentuais e coloca a porcentaxe deste ano por encima da media dos destinos urbanos de Galicia, e tamén da media do conxunto da comunidade.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 51,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada, cifra que supera a media da comunidade. O nivel de rendibilidade fica, en cambio, en 14,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. 1º Cuadrimestre 2012-21*Noites hoteleiras no concello de Vigo, por mercados. 1º Cuadrimestre 2014-21*